

Artigo primeiro. *Consello Escolar do Estado.*

A alínea i) do artigo 31.1 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, queda redactado nos seguintes termos:

«i) As entidades locais a través da asociación de ámbito estatal con maior implantación.»

A vixente alínea i) deste mesmo artigo pasa a ser alínea j).

Artigo segundo. *Centros escolares.*

Modifícase o punto 1 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As corporacións locais cooperarán coas administracións educativas competentes, no marco do establecido pola lexislación vixente e, se é o caso, nos termos que se acorden con elas, na creación, construción e mantemento dos centros públicos docentes, así coma na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.»

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8931 *LEI 10/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá. («BOE» 96, do 22-4-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modificación da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, habilita os municipios para especificaren nas súas respectivas ordenanzas os tipos, definidos na lei, que corresponden ás infraccións en que a sanción se atribúe ós alcaldes. Preténdese con iso solucionar as dificultades que vén suscitando ós alcaldes a ausencia dunha habilitación expresa na lei para que as ordenanzas municipais poidan establecer esta especificación dentro do tipo correspondente a cada infracción definido no propio texto legal. A concreción dos tipos realizárase sempre dentro dos límites establecidos ó respecto polo artigo 129.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo único. *Seguridade cidadá.*

Introdúcese un novo parágrafo ó final do punto 2 do artigo 29 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, do seguinte teor:

«Para a concreción das conductas sancionables, as ordenanzas municipais poderán especificar os tipos que corresponden ás infraccións en que a sanción se atribúe neste artigo á competencia dos alcaldes, sempre dentro da natureza e os límites a que se refire o artigo 129.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8932 *LEI 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do goberno local, en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e en materia de augas. («BOE» 96, do 22-4-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 estruturou un modelo de Estado composto no que os centros de decisión se multiplican, incluíndo a determinadas entidades locais —municipios e provincias— na dita estrutura e garantindo a autonomía delas para a xestión dos seus respectivos intereses. O marco competencial concreto das entidades locais determinarano as leis.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cumpriu a función de establece-la delimitación básica da autonomía local, mediante o sinalamento duns ámbitos materiais nos que as entidades locais deben exercer competencias, sen determinar en qué grao, cuestión que correspondería concretar ó lexislador sectorial, estatal e autonómico correspondente.

Tamén na Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e aprobada e ratificada polo Reino de España o 20 de xaneiro de 1988, defínese a autonomía local como o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenaren e xestionaren unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes. Así mesmo, sinalábase que o exercicio das competencias públicas debe incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas ós cidadáns.

Transcorreran máis de doce anos desde a aprobación da Lei 7/1985 e desde distintos sectores, entre os que se encontra a Federación Española de Municipios e Provincias, tense criticado que, nin por parte do Estado, nin das comunidades autónomas, ó lexislar nos ámbitos materiais sinalados no artigo 25 da dita lei, se desenvolve de forma substantiva a atribución de competencias ós municipios, polo que, durante este período,

se veu xerando un movemento reivindicativo municipal para a consecución dun novo marco das competencias que procure unha maior descentralización cara ós municipios.

Así, na asemblea extraordinaria da Federación Española de Municipios e Provincias, que tivo lugar a finais de 1993, definiuse o obxectivo da consecución dun «pacto local» que clarificase o ámbito das competencias da Administración local e que permitise resolver con maior eficacia as demandas dos cidadáns, mediante o achegamento da Administración a eles, así como a aplicación plena do principio de subsidiariedade. Propúñase, como necesidade, que os municipios poidan asumir as funcións que, de acordo coa súa capacidade e a demanda social, lles correspondan.

Tras diversas negociacións, con data do 30 de maio de 1997, o Consello de Ministros deuse por informado da proposta do Ministerio de Administracións Públicas de «Bases para a negociación do acordo para o desenvolvemento do pacto local», proposta que foi consensuada coa Federación Española de Municipios e Provincias con data do 29 de xullo de 1997.

Neste acordo contense unha serie de criterios e vías para a articulación das diferentes actuacións encamiñadas a un maior afondamento da autonomía local, e aínda que se reconece que a maior parte das reivindicacións dos entes locais afectan a materias que forma parte do ámbito competencial das comunidades autónomas, inclúense determinados compromisos que lle corresponde ó Estado regular.

Destes compromisos, unha parte importante deben desenvolverse a través de diversas modificacións á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, en menor medida, ó Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, e á Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

II

No que se refire ás modificacións da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, estas céntranse nas seguintes cuestións:

En primeiro lugar inclúese como artigo 5, actualmente sen contido ó ser anulado polo Tribunal Constitucional na sentenza 214/1989, do 21 de decembro, a regulación que con carácter básico xa se establece na actualidade no artigo 1 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, por considerar que a previsión sobre a capacidade xurídica das entidades locais debe figurar na propia lei de bases.

En segundo lugar, lévase a cabo, coa modificación dos artigos 20 a 23, 32 a 35 e 46.2.a), unha nova distribución de competencias entre o pleno e o presidente da corporación co fin de solventar os problemas presentados ó se lle atribuíren na actual regulación ó pleno funcións que teñen un carácter eminentemente executivo e que é máis lóxico que sexan competencias do alcalde, para unha maior eficacia no funcionamento do respectivo concello ou deputación. Como contrapartida, clarifícanse as competencias do pleno, refórzanse as funcións de control por parte deste mediante unha maior frecuencia das súas sesións ordinarias e establécese o carácter preceptivo dos órganos de estudo, informe e seguimento da xestión do alcalde ou do presidente e dos seus órganos delegados nos concellos dos muni-

cipios con máis de 5.000 habitantes e nas deputacións provinciais.

Pola súa parte, as modificacións dos artigos 22.3 e 33.3 son consecuencia da introducción na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, da cuestión de confianza no ámbito local.

Tamén se modifica parcialmente o artigo 46.2.a), establecendo unha nova frecuencia das sesións plenarias ordinarias, para efectos de facilitar o control dos demais órganos da corporación, así como fixando garantías para a convocatoria dos plenos extraordinarios convocados a petición da cuarta parte, polo menos, dos concelleiros. Así mesmo, engádeselle a este artigo unha nova letra e), dando unha maior relevancia á parte dos plenos ordinarios destinada á actividade de control.

No artigo 47.3 introdúcense as correccións necesarias no réxime de adopción de acordos froito das novas atribucións do alcalde e do pleno.

O novo segundo parágrafo que se introduce no artigo 48 vén xustificado pola necesidade de prever o suposto —ata agora non recollido na lei— de que o dictame do Consello de Estado deba ser solicitado conxuntamente por entidades locais pertencentes ó ámbito territorial de distintas comunidades autónomas; neste caso a solicitude deberá cursarse a través do Ministerio de Administracións Públicas.

O artigo 49 incorpora unha nova previsión co fin de lle dar maior axilidade ó procedemento de aprobación das ordenanzas municipais cando non se presenten reclamacións ou suxestións a elas.

Pola súa parte, coa previsión contida no novo terceiro punto do artigo 50 preténdese cubri-la lagoa ata agora existente por canto o lexislador non previra a qué Administración lle correspondía a resolución das cuestións suscitadas no deslinde de termos municipais pertencentes a distintas comunidades autónomas.

Tamén se modifica o artigo 52.1 co fin de reflectir o recurso de reposición potestativo contra os actos das entidades locais, recurso que fora suprimido pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Con iso preténdese resolver os innumerables problemas que a súa desaparición ocasionara no ámbito da Administración local.

Pola súa parte, no punto 2 do artigo 58 realízase unha mención especial da necesidade de que os entes locais dos que resulten afectados os territorios participen nos planos xerais das obras públicas de interese supralocal, así como na determinación dos usos do dominio público por parte doutras administracións, facendo así efectivo o principio xeral consagrado pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional de garanti-lo dereito dos entes locais a participaren en todos aqueles asuntos que afecten o seu ámbito de interese respectivo.

Así mesmo, modifícase parcialmente a redacción dos artigos 64 a 67 da lei, introducindo maior seguridade xurídica nos procedementos de impugnación dos actos das corporacións locais, aclarando os procedementos e engadindo prazos non previstos na redacción orixinaria da lei.

Pola súa parte, co novo punto 3 do artigo 73 preténdese unha mención expresa na Lei de bases a que a actuación corporativa dos membros das corporacións locais se realice a través dos grupos políticos, coa posibilidade de dotación económica para o seu funcionamento seguindo unha regulación similar á que se establece no Regulamento do Congreso dos Deputados para os seus grupos políticos.

No artigo 84 establécese expresamente o principio xeral de que as licencias e autorizacións outorgadas por

outras administracións públicas non eximen os seus titulares de obteren as correspondentes licencias das entidades locais previstas na lexislación vixente, harmonizando así o exercicio lexítimo das competencias de todas as administracións implicadas e incorporando a recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional ó respecto contida na sentenza do 19 de febreiro de 1998 sobre a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante (f.x. 39).

Coa nova redacción do punto 1 do artigo 118.1.A).a) establécense os casos en que a Comisión Nacional de Administración Local debe emitir informe, corrixindo a anterior redacción, onde a referencia ó artigo 5 da lei, que fora declarada nula polo Tribunal Constitucional na sentenza antes citada, suscitara algunhas dúbidas sobre as materias que debían ser obxecto de tales informes.

Por último, o recoñecemento expreso na disposición adicional quinta da Lei de bases de que as asociacións de entidades locais poidan subscribir convenios coas administracións públicas vén cubrir un baleiro normativo ó respecto que estaba suscitando problemas de interpretación á hora de autorizar estes convenios.

III

No que se refire á materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, a modificación proposta do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, modificado pola Lei 5/1997, do 24 de marzo, vén precisar cando se entende abandonado un vehículo na vía pública, solucionando desta forma as actuais dificultades que teñen os concellos, especialmente das grandes cidades, para a retirada dos vehículos abandonados pola indefinición na lei desta situación.

IV

Por último, as novas previsións que se introducen na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, obedecen á necesidade de que na propia lei se recoñeza a participación dos entes locais no Consello Nacional da Auga e das provincias afectadas nos órganos de goberno das confederacións hidrográficas, facendo tamén neste caso efectivo o seu dereito a participar en todos aqueles asuntos que afecten o seu ámbito de interese.

Artigo primeiro. Réxime local.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

Primeira. Capacidade xurídica.

Dáselle un novo contido ó artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5.

Para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquiriren, posuíren, reivindicaren, permutaren, gravaren ou allearen toda clase de bens, realizaren contratos, estableceren e explotaren obras ou servicios públicos, obrigárense, interpoñeren os recursos establecidos e exerceren as accións previstas nas leis.»

Segunda. Órganos de estudio, informe e seguimento.

O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20.

1. A organización municipal responde ás seguintes regras:

a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o pleno existen en tódolos concellos.

b) A comisión de goberno existe en tódolos concellos con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico e así o acorde o pleno do seu concello.

c) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a comisión de goberno e os concelleiros que teñan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó pleno. Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes a eles.

d) O resto dos órganos, complementarios dos anteriores, son establecidos e regulados polos propios municipios nos seus regulamentos orgánicos.

2. As leis das comunidades autónomas sobre o réxime local poderán establecer unha organización municipal complementaria á prevista no número anterior.

3. Os propios municipios, nos regulamentos orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto neste artigo e nas leis das comunidades autónomas ás que se refire o número anterior.»

Terceira. Competencias do alcalde.

O artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«1. O alcalde é o presidente da corporación e ten, en todo caso, as seguintes atribucións:

a) Dirixi-lo goberno e a administración municipal.

b) Representa-lo concello.

c) Convocar e presidi-las sesións do pleno, salvo os supostos previstos na presente lei e na lexislación electoral xeral, da comisión de goberno e de calquera outro órgano municipal, e decidi-los empates con voto de calidade.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servicios e obras municipais.

e) Dictar bandos.

f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das recollidas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería, que lle corresponderá cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio ante-

rior; ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

g) Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuí-las retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

h) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal, e acorda-lo seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da corporación e o despedimento do persoal laboral, dando conta ó pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto nos artigos 99.1 e 3 desta lei.

i) Exerce-la xefatura da policía municipal.

j) Aproba-los instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

k) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia, mesmo cando as delegase noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste suposto dando conta a aquel na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

l) A iniciativa para propor ó pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da alcaldía.

m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos e grave risco destes, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ó pleno.

n) Sanciona-las faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

ñ) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os 1.000.000.000 de pesetas; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

o) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

p) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os 500.000.000 de pesetas, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:

O de bens inmobles, sempre que estea previsto no orzamento.

O de bens mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico o alleamento dos cales non estea previsto no orzamento.

q) O outorgamento das licencias, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó pleno ou á comisión de goberno.

r) Ordena-la publicación, execución e facer cumprir-los acordos do concello.

s) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

2. Correspóndelle así mesmo ó alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde.

3. O alcalde pode delega-lo exercicio das súas atribucións, agás as de convocar e presidi-las sesións do pleno e da comisión de goberno, decidi-los empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas alíneas a), e), j), k), l) e m) do número 1 deste artigo. Non obstante, poderá delegar na comisión de goberno o exercicio das atribucións recollidas na alínea j).»

Cuarta. Competencias do pleno.

O artigo 22 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22.

1. O pleno, integrado por tódolos concelleiros, é presidido polo alcalde.

2. Correspóndenlle, en todo caso, ó pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades a que se refire o artigo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, emblema ou escudo.

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei de facendas locais.

f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.

g) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.

h) A interposición de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

i) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do concello.

l) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

m) A concertación das operacións de crédito cunha contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, que exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento —agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior— todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

n) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 1.000.000.000 de pesetas, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

o) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a 500.000.000 de pesetas, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstos no orzamento.

Cando estando previstos no orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicadas para as adquisicións de bens.

p) Aqueloutras que deban corresponder ó pleno por esixir-la súa aprobación unha maioría especial.

q) As demais que expresamente lle confiran as leis.

3. Pertence, igualmente, ó pleno a votación sobre a moción de censura ó alcalde e sobre a cuestión de confianza presentada por este, que se rexe polo disposto na lexislación electoral xeral.

4. O pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no alcalde e na comisión de goberno, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g) h), i), l) e p), e no número 3 deste artigo.»

Quinta. Delegación de atribucións na comisión de goberno.

O artigo 23.2.b) queda redactado da seguinte forma:

«b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.»

Sexta. Órganos de estudo, informe e seguimento.

O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32.

A organización provincial responde ás seguintes regras:

1) O presidente, os vicepresidentes, a comisión de goberno e o pleno existen en tódalas deputacións.

2) Así mesmo existirán en tódalas deputacións órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do presidente, a comisión de goberno e os deputados que teñan delegacións, sempre que a respectiva lexislación autonómica non prevexa unha forma organizativa distinta neste ámbito e sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno. Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de deputados pertencentes a eles.

3) O resto dos órganos complementarios dos anteriores son establecidos e regulados polas propias deputacións. Non obstante, as leis das comunidades autónomas sobre réxime local poderán establecer unha organización provincial complementaria da prevista neste texto legal.»

Sétima. Competencias do pleno.

Os números 2 e 3 do artigo 33 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Correspóndelle en todo caso ó pleno:

a) A organización da deputación.

b) A aprobación das ordenanzas.

c) A aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación provisional das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

d) A aprobación dos plans de carácter provincial.

e) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

f) A aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios, e o número e réxime do persoal eventual.

g) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

h) A interposición de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

i) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

j) A declaración de lesividade dos actos da deputación.

k) A concertación das operacións de crédito dunha contía acumulada no exercicio económico que exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

l) As contratacións e concesións de todo tipo, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, os 500.000.000 de pesetas, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos en todo caso, e os plurianuais de duración inferior cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada con esta letra.

m) A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa con-

tratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

n) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a 500.000.000 de pesetas, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles, que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstas no orzamento.

Cuando, estando previstos no orzamento, superen a porcentaxe e a contía que se indican para as adquisicións de bens.

ñ) Aquelas atribucións que deban corresponder ó pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

o) As demais que expresamente lle atribúan as leis.

3. Pertence, igualmente, ó pleno a votación sobre a moción de censura ó presidente e sobre a cuestión de confianza presentada por este, que se rexe polo disposto na lexislación electoral xeral.»

Engádese un novo punto 4 do artigo 33 coa seguinte redacción:

«4. O pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no presidente e na comisión de goberno, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), h) e ñ), e número 3 deste artigo.»

Oitava. Competencias do presidente.

O artigo 34 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 34.

1. Correspóndelle en todo caso ó presidente da deputación:

a) Dirixi-lo goberno e a administración da provincia.

b) Representa-la deputación.

c) Convocar e presidi-las sesións do pleno, agás os supostos previstos na presente lei e na lexislación electoral xeral, da comisión de goberno e de calquera outro órgano da deputación, e decidi-los empates con voto de calidade.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servizos e obras a titularidade ou exercicio dos cales corresponde á deputación provincial.

e) Asegura-la xestión dos servizos propios da comunidade autónoma a xestión ordinaria dos cales estea encomendada á deputación.

f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das establecidas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior; ordenar pagamentos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

g) Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuí-las retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

h) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal, e acorda-lo seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da corporación e o despedimento do persoal laboral, dando conta ó pleno na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do previsto no artigo 99.1 e 3 desta lei.

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da deputación nas materias da súa competencia, mesmo cando as tiver delegado noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste último suposto dando conta a este na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

j) A iniciativa para lle propor ó pleno a declaración de lesividade en materia da competencia do presidente.

k) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os 500.000.000 de pesetas; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

l) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

m) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os 500.000.000 de pesetas, así como o alleamento de patrimonio que non supere a porcentaxe e a contía indicadas nos seguintes supostos:

O de bens inmobles, sempre que estea previsto no orzamento.

O de bens mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico dos que o alleamento non se encontre previsto no orzamento.

n) Ordena-la publicación e execución e facer cumprí-los acordos da deputación.

ñ) As demais que expresamente lles atribúan as leis.

o) O exercicio daquelas outras atribucións que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asigne á deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos.

2. O presidente pode delega-lo exercicio das súas atribucións, agás a de convocar e presidi-las sesións do pleno e da comisión de goberno, decidi-los empates co voto de calidade, concertar operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas alíneas a), i) e j) do número anterior.

3. Correspóndelle, así mesmo, ó presidente o nomeamento dos vicepresidentes.»

Novena. Delegación de atribucións.

O artigo 35.2.b) queda redactado da seguinte forma:

«As atribucións que o presidente lle delegue ou lle atribúan as leis.»

Décima. Periodicidade das sesións do pleno.

A alínea a) do artigo 46.2 substitúese pola seguinte redacción:

«O pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas deputacións provinciais; cada dous meses nos concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes. Así mesmo, o pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o presidente ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, a súa realización non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

De o presidente non convoca-lo pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ó do remate deste prazo, ás doce horas, o que será notificado polo secretario da corporación a tódolos seus membros ó día seguinte do remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do presidente ou de quen legalmente o teña que substituír, o pleno quedará validamente constituído sempre que concorra o quórum requirido na letra c) deste precepto; neste caso será presidido polo membro da corporación de maior idade entre os presentes.»

Décimo primeira. Actividade de control do pleno.

Engádesse unha nova letra e) ó artigo 46.2, coa seguinte redacción:

«e) Nos plenos ordinarios a parte dedicada ó control dos demais órganos da corporación deberá presentar substantividade propia e diferenciadora da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e, se é o caso, na súa regulación, a participación de tódolos grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións.»

Décimo segunda. Réxime de adopción de acordos.

O artigo 47.3 queda redactado da seguinte forma:

«3. Cómpre o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos nas seguintes materias:

a) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación.

b) Creación, modificación ou disolución de mancomunidades e outras organizacións asociativas, así como a adhesión a estas e a aprobación e modificación dos seus estatutos.

c) Transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, agás que por lei se impongan obrigatoriamente.

d) Cesión por calquera título do aproveitamento dos bens comunais.

e) Concesión de bens ou servicios por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento.

f) Municipalización ou provincialización de actividades en réxime de monopolio e aprobación da forma concreta de xestión do servicio correspondente.

g) Aprobacións de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitas ou esperas, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento, así como as operacións de crédito previstas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

h) Imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario.

i) Os acordos que lle corresponda adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

j) Alleamento de bens, cando a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento.

k) Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais ou comunais.

l) Cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

m) As restantes determinadas pola lei.»

Décimo terceira. Dictame do Consello de Estado.

Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 48 coa seguinte redacción:

«Cando o dictame deba ser solicitado conxuntamente por entidades pertencentes ó ámbito territorial de distintas comunidades autónomas, a solicitude cursarase por conducto do Ministerio de Administracións Públicas a petición da entidade de maior poboación.»

Décimo cuarta. Aprobación de ordenanzas.

Engádeselle un parágrafo final á letra c) do artigo 49, do seguinte teor:

«No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.»

Décimo quinta. Deslindes.

Engádeselle un novo parágrafo 3 ó artigo 50 co seguinte contido:

«3. As cuestións que se susciten entre municipios pertencentes a distintas comunidades autónomas sobre deslinde dos seus termos municipais serán resoltos pola Administración do Estado, logo do informe do Instituto Xeográfico Nacional, audiencia dos municipios afectados e das respectivas comunidades autónomas e dictame do Consello de Estado.»

Décimo sexta. Recurso de reposición potestativo.

O artigo 52.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer-las accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.»

Décimo sétima. Participación dos entes locais.

Engádesse un novo parágrafo ó final do punto 2 do artigo 58 coa seguinte redacción:

«A participación dos municipios na formación dos plans xerais de obras públicas que lles afecten realizarase en todo caso de conformidade co que dispoña a correspondente lexislación sectorial. Así mesmo, na determinación de usos e na adopción de resolucións por parte doutras administracións públicas en materia de concesións ou autorizacións relativa ó dominio público da súa competencia, será requisito indispensable para a súa aprobación o informe previo dos municipios no territorio dos cales estea o dito dominio público, de acordo co establecido nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Décimo oitava. Ampliación de información.

O artigo 64 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 64.

A Administración do Estado e a das comunidades autónomas poden solicitar ampliación da información a que se refire o número 1 do artigo 56, que deberá remitirse no prazo máximo de vinte días hábiles, excepto no caso previsto no artigo 67 desta lei, no que o será de cinco días hábiles. En tales casos suspéndese o cómputo dos prazos a que se refiren o número 2 do artigo 65 e o 1 do artigo 67, que se reanudarán a partir da recepción da documentación interesada.»

Décimo novena. Impugnación de acordos.

Substitúese a redacción do artigo 65 pola seguinte:

«Artigo 65.

1. Cando a Administración do Estado ou das comunidades autónomas considere, no ámbito das respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente o presente artigo, para que anule este acto no prazo máximo dun mes.

2. O requirimento deberá ser motivado e expresa-la normativa que se considere vulnerada. Formularase no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

3. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da Comunidade Autónoma, poderá impugna-lo acto ou acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa dentro do prazo sinalado para a interposición do recurso de tal natureza sinalado na Lei reguladora da dita xurisdicción, contado desde

o día seguinte a aquel en que venza o requirimento dirixido á entidade local, ou ó da recepción da comunicación desta rexeitando o requirimento, se se produce dentro do prazo sinalado para iso.

4. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da Comunidade Autónoma, poderá tamén impugnar directamente o acto ou acordo perante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen necesidade de formular requirimento, no prazo sinalado na Lei reguladora da dita xurisdicción.»

Vixésima. Procedementos de impugnación.

O parágrafo inicial do artigo 66 da Lei 7/1985, do 2 de abril, queda redactado da seguinte maneira:

«Os actos ou acordos das entidades locais que menoscaben competencias do Estado ou das comunidades autónomas, interfiran o seu exercicio ou excedan da competencia destas entidades, poderán ser impugnados por calquera dos procedementos previstos no artigo anterior.»

Vixésimo primeira. Suspensión de acordos.

O artigo 67 da Lei 7/1985, do 2 de abril, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 67.

1. Se unha entidade local adoptase actos ou acordos que atenten gravemente contra o interese xeral de España, o delegado do Goberno, logo de requirimento para a súa anulación ó presidente da corporación efectuado dentro dos dez días seguintes ó da recepción daqueles, poderá suspendelos e adopta-las medidas pertinentes para a protección deste interese.

2. O prazo concedido ó presidente da corporación no requirimento de anulación non poderá ser superior a cinco días. O do exercicio da facultade de suspensión será de dez días, contados a partir do seguinte ó do remate do prazo do requirimento ou ó da resposta do presidente da corporación, se fose anterior.

3. Acordada a suspensión dun acto ou acordo, o delegado do Goberno deberá impugnalos no prazo de dez días desde a suspensión ante a xurisdicción contencioso-administrativa.»

Vixésimo segunda. Grupos políticos.

Engádeselle un novo número 3 ó artigo 73 do seguinte teor:

«3. Para efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e obrigas que se establezan.

O pleno da corporación, con cargo ós seus orzamentos anuais, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para tódolos grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, se é o caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo anterior, que porán á disposición do pleno da corporación sempre que este o pida.»

Vixésimo terceira. Artigo 75.1.

O número 1 do artigo 75 da lei queda redactado da forma seguinte:

«1. Os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, caso no que serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.»

Vixésimo cuarta. Artigo 77.

Engádesse un segundo parágrafo no artigo 77 da lei, coa seguinte redacción:

«A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior deberá ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel en que se presentase.»

Vixésimo quinta. Licencias.

Engádeselle un novo número 3 ó artigo 84 da lei co contido seguinte:

«3. As licencias ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen os seus titulares de obte-las correspondentes licencias das entidades locais, respectándose en todo caso o disposto nas correspondentes leis sectoriais.»

Vixésimo sexta. Informe da Comisión Nacional de Administración Local.

O artigo 118.1.A).a) queda redactado da seguinte forma:

«Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións administrativas de competencia do Estado nas materias que afecten a Administración local, tales como as referentes ó seu réxime organizativo e de funcionamento; réxime substantivo das súas funcións e servizos —incluídas a atribución ou supresión de competencias—; réxime estatutario dos seus funcionarios; procedemento administrativo, contratos, concesións e demais formas de prestación dos servizos públicos; expropiación e responsabilidade patrimonial; réxime dos seus bens e facendas locais.»

Vixésimo sétima. Subscrición de convenios.

Engádeselle un número 3 á disposición adicional quinta da lei coa seguinte redacción:

«Estas asociacións, no ámbito propio das súas funcións, poderán subscribir convenios coas distintas administracións públicas.»

Vixésimo oitava. Actualización de réximes especiais.

Engádeselle o punto seguinte á disposición adicional sexta da lei:

«3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, mediante lei das comunidades autónomas respectivas, poderanse actualizar estes réximes especiais; para este efecto, respectando o principio de autonomía local e por instancia dos correspondentes concellos, poderán establecerse as seguintes especialidades ó réxime xeral de organización municipal previsto na presente lei:

1.^a Poderase modifica-la denominación dos órganos necesarios establecidos no artigo 20.1 desta lei.

2.^a O pleno ou órgano equivalente poderá funcionar tamén mediante comisións. Correspóndelles, neste caso, ás comisións, ademais das funcións previstas no artigo 20.1.c) desta lei para os órganos complementarios que teñan como función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, aquelas que lles atribúa ou delegue o dito pleno, agás as contidas nos puntos 2 e 3 do artigo 47 e as atribucións contidas no número 3 do artigo 22 desta lei.

3.^a Poderánselle atribuír á comisión de goberno prevista no artigo 23 desta lei, como propias, competencias nas seguintes materias:

a) Aquelas que a presente lei non lle reserve en exclusiva ó pleno, por seren delegables ou por non requiriren unha maioría específica para a adopción de acordos.

b) As que esta lei lle atribúe ó alcalde en relación co urbanismo, a contratación, o persoal e a adquisición e alleamento de bens.

c) A aprobación de proxectos e regulamentos e ordenanzas e o proxecto de orzamento.

4.^a Poderánselle atribuír ó alcalde, como propias, aquelas competencias que a presente lei non lle reserva en exclusiva ó pleno, por seren delegables ou por non requiriren unha maioría específica para a adopción de acordos.»

Artigo segundo. *Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.*

Engádesse ó final da letra a) do número 1 do artigo 71 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modificado pola Lei 5/1997, do 24 de marzo, o seguinte:

«Presumirase racionalmente o seu abandono nos seguintes casos:

a) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fose depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación.

Neste caso terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.

No suposto recollido na alínea a), e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita

a identificación do seu titular, requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, en caso contrario, se procederá ó seu tratamento como residuo sólido urbano.»

Artigo terceiro. *Confederacións hidrográficas.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas:

Primeira. Modifícase o artigo 17 da Lei 29/1985, que queda redactado do seguinte teor:

«17. Créase, como órgano consultivo superior na materia, o Consello Nacional da Auga no que, xunto coa Administración do Estado e as das comunidades autónomas, estarán representados os entes locais a través da asociación de ámbito estatal con maior implantación, os organismos de bacía, así como as organizacións profesionais e económicas máis representativas, de ámbito nacional, relacionadas cos distintos usos da auga. A súa composición e estrutura orgánica determinaranse por real decreto.»

Segunda. Engádeselle unha nova alínea e) ó artigo 25 da Lei 29/1985, co seguinte contido:

«e) As provincias estarán representadas de acordo coa porcentaxe do seu territorio afectado pola bacía hidrográfica.»

Disposición adicional única.

Agás previsión legal distinta en canto ás súas contías, as multas por infracción de ordenanzas non poderán exceder de 300.000 pesetas en municipios de máis de 250.000 habitantes, de 150.000 pesetas nos de 50.001 a 250.000 habitantes, de 75.000 pesetas nos de 20.001 a 50.000 habitantes, de 50.000 pesetas nos de 5.001 a 20.000 habitantes, e de 25.000 pesetas nos demais municipios.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8933 LEI 12/1999, do 21 de abril, pola que se autoriza a participación de España na ampliación do capital do Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento (BERD). («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei ten por obxecto autoriza-la participación de España na ampliación de capital do Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento, acordada pola resolución número 59 do Consello de Gobernadores, e de acordo coas condicións que nesa resolución e en posteriores se acordaron, relativas á dita ampliación de capital.

O capital actual do banco é de 1.000.000 de accións de 10.000 euros cada unha.

A ampliación de capital supón a emisión de 1.000.000 de accións novas, de 10.000 euros cada unha, o que supón duplica-lo capital social do banco.

A participación española actual é do 3,4 por 100 do capital social.

A presente lei permitirá mante-la participación española no capital total, polo que non se altera a situación respecto ós principais socios europeos desta institución.

Considérase axeitado mante-la participación española pola importancia que esta zona está tendo e terá no futuro para os investimentos de empresas españolas, con actividades en sectores que precisan investimento directo nos países de operacións.

A presente lei dítase en virtude dos títulos competenciais que a Constitución lle atribúe en exclusiva ó Estado en virtude do artigo 149.1, puntos 3 e 13, referentes ás relacións internacionais e as bases e a coordinación da economía.

Artigo 1. *Subscrición de accións.*

1. Autorízase o Goberno para que, en nome do Reino de España, subscriba as 34.000 accións novas que lle corresponden na ampliación de capital do Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento, aprobada pola resolución número 59 do Consello de Gobernadores do 15 de abril de 1996.

2. Esta subscrición comporase de 7.650 accións de carácter pagadoiro e 26.350 accións de carácter esixible. Todas elas emítense ó par e cun valor unitario de 10.000 euros.

Artigo 2. *Desembolso das subscricións.*

1. O desembolso das accións de carácter pagadoiro levarase a cabo en oito desembolsos anuais iguais. O primeiro desembolso será efectivo antes do 31 de decembro de 1999. Os restantes desembolsos efectuaranse anualmente antes da data de aniversario do primeiro desembolso.

2. O 60 por 100 de cada desembolso farase en obrigas de pagamento denominadas en euros, unha polo valor de cada cota. As citadas obrigas de pagamento non devengarán xuros.

3. Cada obriga de pagamento aboarase en cinco tramos iguais, o primeiro dos cales será pagado no ano en que esta obriga de pagamento se emita, e os restantes, en cada un dos anos subseguintes.

De acordo co anterior, o programa de desembolsos resultará como segue:

Ano	Importe — Euros
1999	4.972.500
2000	6.119.998,335
2001	7.267.498,029